

ABAU (I)

Aos poucos, imos sabendo máis información sobre a ABAU, a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade. Na [páxina da CIUG](#) xa están colgadas as datas da convocatoria ordinaria, en xullo (7, 8 e 9) e as de setembro (8, 9 e 10)

The image displays a central green banner titled "CALENDARIO DAS PROBAS". To the left, a red box labeled "CONVOCATORIA ORDINARIA" points to a calendar for July 2020. The calendar shows the dates 7, 8, and 9 highlighted in red, with labels "MARTES", "MÉRCORES", and "XOVES" below them. To the right, a purple box labeled "CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA" points to a calendar for September 2020. The calendar shows the dates 8, 9, and 10 highlighted in purple, with labels "MARTES", "MÉRCORES", and "XOVES" below them. Both calendars include a header with the month and year, and a grid with days of the week (L, M, Me, X, V, S, D) and dates.

Están tamén alí as [instrucións](#) “Todo o alumnado deberá acudir á **presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá** e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia etc.
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pago
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra.

Temos tamén xa a [información do horario](#) no que hai que examinarse. Comeza o martes 7 ás 10h da mañá co exame de Historia de España.

Como é a ABAU?

Imos facer un breve repaso pola [estrutura da proba de avaliación](#) do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU). Estrutúrase en dúas partes denominadas Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria

Na **Parte Obrigatoria** debes examinarte de 5 materias cursadas en 2º de bac: Historia de España, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Primeira Lingua Estranxeira II (no noso caso inglés) e a materia correspondente do bloque das materias troncais da modalidade (Matemáticas II -Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais -Latín II)

Desta parte, como o seu propio nome indica, debemos examinarnos para acceder a calquera universidade. Na nota de acceso á universidade (NAU) conta un 40%, o outro 60% é a nota media dos dous cursos de bacharelato.



A nota media das cinco materias debe ser como mínimo de 4 para que poida unirse a túa nota media do bacharelato (NMB). **Lembra que o 60% será a nota media aritmética de todas as materias de 1º e 2º de bach.** É por iso que neste momento é tan importante estar intentando traballar para mellorar a media do curso.

A validez da nota conseguida nesta parte é permanente, serve para sempre!

Se preciso subir nota para acceder á carreira que eu desexo podo examinarme dunha **Parte Voluntaria**. Examinarme vai permitir mellorar a cualificación obtida na Parte Obrigatoria.



Ademais das que aparecen aí no cadro podes examinarte tamén dunha **Segunda Lingua Estranxeira II**. Na parte voluntaria podes examinarte dalgunha materia que non cursaras, por exemplo, estudas na escola de idiomas italiano? poderías escoller examinarte como 2ª Lingua Estranxeira de italiano, ou algunha outra materia que estudes pola túa conta....

Podes examinarte de 1, de 2, 3 e até 4 materias. Como esta parte é voluntaria, podes non examinarte de nada. Debes indicar na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (lembra, máximo catro materias) das que te queres examinar na parte Voluntaria. A nota mínima de cada materia desta parte voluntaria, para incrementar a nota media de acceso, é 5. Esta parte ten unha validez de 2 cursos.

